



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2024/G003/001367

RESOLUCIÓN

ASUNTO: PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA CUBRIR AS PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021 (EXPDTE. 2022/E001/000014). SUBSTITUCIÓN DE PERSO A APROBADA. MODIFICACIÓN LISTAXE DE RESERVA

EXPEDIENTE: 2024/G003/001367

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Mediante resolución da Alcaldía nº 1325/2024, de data 26/09/2024, aprobouse a relación de persoas aspirantes (aprobadas) que superaron o proceso selectivo de estabilización de emprego temporal para cubrir tres prazas de persoal laboral fixo correspondentes á oferta de emprego público do ano 2021, Servizo Piscina climatizada municipal. Monitor-socorrista [Convocatoria art. 2 Lei 20/2021, de 28 de decembro] (**Expdte. 2023/E001/000014**).

Visto que dúas das persoas aprobadas, no prazo establecido ao efecto, non procederon a presentar no Rexistro Xeral do Concello a documentación establecida no art. 8.1 (Persoas aprobadas) das Bases reguladoras do proceso selectivo a efectos de acreditar que se reúnen os requisitos necesarios para ser contratados como persoal laboral fixo.

Vista a listaxe de reserva na que figuran incluídas as persoas aspirantes que non resultaron aprobadas por obter unha puntuación inferior á das persoas que obteñen as prazas.

Vista a proposta do Tribunal de Cualificación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo, así como a orde de prelación de acordo coa suma das puntuacións obtidas no concurso-oposición.

Visto o disposto no art. 8.2 (Contratación como persoal laboral) das Bases reguladoras do proceso selectivo.

No uso das atribucións conferidas pola lexislación de réxime local, **RESOLVO:**

1.- Ter por decaídos no seu dereito a ser contratados como persoal laboral fixo: Servizo Piscina climatizada municipal. Monitor-socorrista, ao non ter acreditado, nin xustificado a concorrencia dunha causa de forza maior, no prazo establecido ao efecto a posesión dos requisitos esixidos para proceder a este nomeamento.

APELIDOS E NOME	DNI
DOSIL CARPINTERO, JAVIER	***2284**
GALLEGO FERNANDEZ, RUBÉN	***8217**

2.- Substituír como persoa aprobada, que figura incluída na lista de reserva, á aspirante que superou o proceso selectivo:

Servizo Piscina climatizada municipal. Monitor-socorrista

APELIDOS E NOME	DNI
FERNÁNDEZ CANDAL, LUCÍA	***3604**

3.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e páxina web do concello.

Ordes, na data da sinatura electrónica

O Alcalde-Presidente
José Luis Martínez Sanjurjo

O Secretario
Juan Luis González Iglesias